



CLUB DE PRODUTO COCIÑA DE ANCARES TERRAS DE BURÓN

QUÉ É?

Un programa de mellora da calidade da oferta turística no que relacionamos a gastronomía e o produto local co territorio do Xeodestino Ancares Terras de Burón, baseado en catro piares:

1. A valorización e o uso do produto local de calidade como elemento que marca a diferenza.
2. O traballo colaborativo entre os socios do proxecto para por definir novas propostas de valor e por novos produtos no mercado
3. O compromiso nunha formación específica para dar a coñecer a os socios qué é, en qué consiste o produto turístico “Cociña de Ancares e Terras de Burón”, como funciona e que papel xoga cada un no proxecto, así como a forma máis adecuada para transmitirllo o cliente.
4. O recoñecemento dos socios e as iniciativas do proxecto, mediante o selo que os identifica, para marcar a diferenza e facelos recoñecibles polos clientes

En definitiva, queremos que cando un cliente pida un chuletón, un cocido ou calquera prato identificado como Cociña de Ancares Terras de Burón, saiba a orixe deses produtos e poida visitar as explotacións onde se crían. Do mesmo xeito, se visita unha granxa certificada, unha panadería, etc. pode saber en que restaurantes pode degustar eses produtos.

Cociña de Ancares Terras de Burón colabora co Grupo Operativo Gayas que ten como finalidade enviar aos domicilios dos consumidores os pratos xa elaborados. Deste xeito, os consumidores, nos seus domicilios, saberán que poden vir degustar ese tipo de cociña ó territorio e visitar as explotacións onde se crían os animais e onde se producen as verduras, hortalizas, ovos, etc. Do mesmo xeito, a xente que veña ó territorio e coñeza o produto turístico Cociña de ATB saberá que pode recibila na súa casa.

QUÉN PODE PARTICIPAR?

Empresas e produtores dos trece concellos que forman o xeodestino, unha vez que completen un proceso de formación e teñan a acreditación que os identifica.

CÓMO PODE PARTICIPAR?

Algúns exemplos do que pode facer cada empresa para acreditarse no Club de Produto.

Os restaurantes. Certificando os pratos elaborados con produtos locais recoñecidos como Cociña de Ancares Terras de Burón.

As granxas, adegas, queixerías, panaderías, e produtores en xeral. Participando na cadea de provedores dos restaurantes deste club de produto CATB. Os participantes incluíranse nunha listaxe de provedores acreditados. Se, ademais, reciben visitas nas súas explotacións, poden certificarse como socios do club de produto.

Os aloxamentos. Incorporando as normas do club de produto CATB na súa oferta gastronómica (almorzos, comidas, etc.) e participando no deseño de propostas, e accións conxuntas co resto dos socios.

As empresas de servizos como taxis, turismo activo, etc. cumprindo os requisitos específicos e participando no deseño de propostas, e accións conxuntas co resto dos socios.

VANTAXES DE PARTICIPAR

1. Diferenciar os seus produtos cun selo que acredita a súa calidade
2. Contar con asistencia técnica para mellorar os seus procesos e produtos
3. Integrase nun grupo de traballo comarcal do que sairán novas propostas das que se beneficiarán todos os socios
4. Beneficiarse das campañas de promoción que apoiará este a outros proxectos do Xeodestino Ancares Terras de Burón

COMPROMISOS

1. Participar na formación previa a acreditación e seguir as indicacións dos monitores.
2. Completar a formación e superar as auditorías
3. Traballar decididamente cos outros socios do proxecto
4. Prescribir aos seus clientes o resto dos socios do club de produto CATB.
5. Unha vez acreditado, cumprir os requisitos e traballar para mellorar a calidade dos seus produtos e servizos

QUEN O ORGANIZA

O GDR Montes e Vales Orientais é o responsable deste programa que forma parte do Xeodestino Ancares Terras de Burón